

A HISTORIA DE PUNTO

OBXECTIVOS

- Entender o valor da diversidade para un grupo e recoñecer o valor de todos os nenos e nenas, sexan grandes ou pequenos.
- Identificar a discriminación como algo que nos dana a todos.
- Fomentar a empatía e a capacidade de poñernos no lugar do outro.

MATERIAIS NECESARIOS

- Vídeo: "A historia de punto", dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/historia-de-punto-video-actividade-infantil

MATERIAL DE APOIO

- *A salvo na escola. Aprendendo en contornas protectoras*, guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre o dereito da infancia para estar libre de calquera forma de violencia, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/a-salvo-na-escola-guia-do-curso

Ser pequeno non significa ser pouco importante e ser diferente non significa valer menos. Esta actividade axúdanos a reflexionar na aula sobre o valor de toda as persoas e a recoñecer que ser pequeno pode ser algo moi grande.



Preparación da actividade

Proxectamos o vídeo *A historia de punto*. Este vídeo cóntanos unha historia que ten como protagonista a punto, un estudante pequeno e moi especial que séntese insignificante. Algunhas preguntas que poden guiar un debate ou asemblea co noso grupo:

1. Quen é Punto? Como é Punto? Que cousas boas cres que ten Punto?
2. Como é o colexio de Punto? Que o fai especial?
3. Como son as letras? Que cualidades teñen?
4. As letras e Punto son amigos ao principio? Que cres que pasa? Que che parece?
5. Como se sente Punto? Que lle pasa?
6. Que descubren as letras? Que fan?
7. Como acaba a historia? Paréceche un bo final?
8. Que farías ti se ocorrese algo parecido na túa escola?

#EndViolence

Únete á campaña mundial de UNICEF para poñer fin á violencia. Celebra o Día da Infancia no teu centro educativo cunha vacina pola paz e o bo trato. Descubre como en www.unicef.es/gal/educa/botrato



ANEXO: Ficha para colorear

